

SEPE

Calendario laboral

22/02/2024

A proposta de novo calendario confirma a necesidade de que o SEPE se transfira á Xunta de Galicia

A Administración fíxonos unha proposta de modificación do calendario laboral.

Nesa proposta O SEPE quere engadir un novo punto para o persoal da rede de oficinas de prestacións que permita ás Direccións Provinciais axustar o horario de presenza obrigatoria ó que teña a Comunidade Autónoma. Esta medida sería obrigatoria.

A CIG indicou que esta proposta non fai outra cousa que confirmar unha vez máis, que a transferencia parcial do INEM foi un erro e demandou a transferencia do SEPE en Galicia á Comunidade Autónoma. Tamén manifestou que mentres esa transferencia non se de, o horario se negocia e establece no SEPE para todo o seu persoal, con independencia de onde esté destinado.

Parece que ó noso organismo non lle chega con que nos chamen ocupas, non cumpran a normativa en materia de prevención de riscos, racaneen o material... que agora tamén nos van poder impoñer o seu horario.

Ademais, a modificación do horario de presenza obrigatoria (o tempo de atención ó público seguirían sendo 5 h) afectaría á conciliación familiar de moitas traballadoras e traballadores, algo que a CIG non pode defender

CONCLUSIÓN DA REUNIÓN

O SEPE vai reconsiderar as alegacións presentadas e enviará unha nova proposta.